

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 15 DE ABRIL DE 2024

1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00017248K.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Acórdase aprobar as actas correspondentes ás sesións da Xunta de Goberno Local ordinaria do 8 de abril e extraordinaria e urxente do 10 de abril de 2024.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00053657W.

Licenza para a rehabilitación de fachada mediante sistema de illamento térmico polo exterior na Travesía Pastoriza, 2.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme ao proxecto técnico redactado polo arquitecto Jesús María Carrillo Pena con selo de visado de data 07/11/2023, cun orzamento de execución material de 34.023,35 €, a rehabilitación de fachada mediante sistema de illamento térmico polo exterior (SATE) no edificio situado en Travesía da Pastoriza, 2 Santiago de Compostela (A Coruña).

3. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2022/00028285A.

Licenza de OBRAS DE REFORMA e AMPLIACION para división e acondicionamento de locais destinados a aparcamento, almacén e oficinas na RUA DAS CANCELAS, 86, baixo e soto.

Acórdase conceder licenza de obras de reforma e ampliación para división e acondicionamento de locais destinados a aparcamento, almacén e oficinas na Rúa das Cancelas 86, baixo e soto con referencias catastrais 8589717NH3488H0001GQ e 8589717NH3488H1001DX, segundo Proxecto básico refundido e de execución redactado polo arquitecto Juan José Esturao Pena, co visado colexial de 04/10/2023, cun orzamento de execución material de 92.481,30 €, baixo a dirección de obra do proxectista.

As actuacións consistirán en obras de división e acondicionamento de local de 626,12 m² útiles en dous: local 1 A de planta baixa cunha superficie útil de 306,74 m² destinado a oficinas, garaxe aparcamento e almacén para o funcionamento dunha empresa de limpeza e local 1B en planta soto cunha superficie útil de 319,38 m², sen uso definido.

O local 2 sito en planta soto cunha superficie útil de 325,38 m² destínase a garaxe-aparcamento

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 3A do PXOM.

4. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2022/00035314V.

Rexeitar recurso contra o acordo da Xunta de Goberno Local de concesión de licenza de selado de vertedoiro da Canteira de Miramontes

Acórdase rexeitar o recurso de reposición interposto pola FEDERACION DE ASOCIACIONES VECIÑAIS DO RURAL DE SANTIAGO contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 23/01/2023 de concesión a SERTEGO SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.L.U. de licenza de obras de selaxe de vertedoiro no Lugar de Grixa, por considerar que o órgano competente para impoñer condicións medioambientais é a Consellería de Medio Ambiente, segundo antecedentes e

fundamentos expostos.

Notificarase o acordo aos interesados e a Consellería de Medio Ambiente, dando traslado a esta última do contido do recurso de reposición para que adopte as medidas de corrección que estime pertinentes en uso das súas competencias.

5. EXPROPIACIÓNS. Referencia: 2022/00049455J.

Corrección de erros no acordo Xunta de Goberno Local de data 23.10.2023 por mor de erro aritmético no sumatorio da valoración da expropiación.

Acórdase:

1.- Corrixir o erro aritmético na suma total do valor da expropiación, de xeito que onde di 277.532,64 euros, debe dicir 277.532,65 euros.

2.- Correxir o acordo de Xunta de Goberno Local de data 23.10.2023 de xeito que **onde di**: “autorizar e dispoñer o gasto por importe de 277.532,64 euros con cargo á aplicación, 050 15103 6000001. Proxecto 2021 2 EXPR 25 1, Centro Xestor 08”, **debe dicir**: “autorizar e dispoñer o gasto por importe de **277.532,65 euros**, con cargo á aplicación 050 15103 6000001. Expropiacións. Expropiacións de terreos. Proxecto 2021 EXPR 25 1, Centro Xestor 08 en concepto de prezo xusto do Proxecto de expropiación para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías na parcela SU-3 do PXOM (fase I), en Santiago de Compostela.”

6. PATRIMONIO. Referencia: 2023/00043626E.

Solicitud de autorización de transmisión a terceiro das parcelas 69 e 70 (SUNP 37 COSTA VELLA).

Acórdase desestimar a solicitude de MEDIOS DIGITALES DE GALICIA, S.L.U, referida a solicitude de autorización de transmisión a terceiro das parcelas 69 e 70 (SUNP 37 COSTA VELLA). Contra a presente resolución que pon fin a vía administrativa poderán presentar demanda perante a Xurisdición civil ordinaria no prazo que corresponda. Elo sen prexuízo de exercitar calquera outro que estime procedente.

7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00052177V.

Aprobación do expediente de contratación “Obras de execución do proxecto de “Mellora e acondicionamento do local sociocultural de Enfesta” / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña”

Acórdase:

Primeiro: aprobar o expediente de contratación das Obras de execución do proxecto de “Mellora e acondicionamento do local sociocultural de Enfesta” / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña.

Segundo: abrir o procedemento aberto de adxudicación ao abeiro dos artigos 156 a 158 da LCSP.

Terceiro: autorizar o gasto correspondente por importe de 102.133,29 € (base imponible de 84.407,68 € mais IVE do 21% por importe de 17.725,61 €), que se imputará á aplicación orzamentaria 070 93303 6320000 (Código de proxecto: 2021 2 PPROV 35 4).

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00042789V.

Desestimación das alegacións presentadas por EXPLOTACIONES GALLEGAS

SL, e imposición dunha penalidade no contrato *Pavimentación rúa Elena Quiroga A Barca e A Braña de Silvouta (Vilvestro). Plan único de Concellos (POS+ 2021) – Deputación da Coruña.*

Acórdase:

Primeiro: desestimar as alegacións presentadas por EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, respecto do expediente de imposición de penalidades ao quedar acreditado que o contratista non executou dentro do prazo total fixado o contrato de *Pavimentación rúa Elena Quiroga A Barca e A Braña de Silvouta (Vilvestro). Plan único de Concellos (POS+ 2021) – Deputación da Coruña.*

Segundo: impoñerlle á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, unha penalidade de 1.281,31 € por incumprimento do contrato *Pavimentación rúa Elena Quiroga A Barca e A Braña de Silvouta (Vilvestro). Plan único de Concellos (POS+ 2021) – Deputación da Coruña*, con causa na demora inxustificada da execución dos traballos, ao abeiro do artigo 193.3 da LCSP.

A penalidade farase efectiva mediante dedución das cantidades que deban abonarse ao contratista no primeiro pago que se lle efectúe.

Terceiro: notificar este acordo a EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, así como dar conta do mesmo aos Servizos Económicos (Intervención Municipal e a Oficina Orzamentaria e Contabilidade).

9. ÁREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2023/00035687H.

Certificación 5 FINAL da obra “Pavimentación do lugar de Coira (Laraño)”.

Acórdase:

1. Aprobar a certificación 5 FINAL da obra “Pavimentación do lugar de Coira (Laraño)”.
2. Aprobar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación número 5 FINAL da obra “Pavimentación do lugar de Coira (Laraño)”, coa correspondente factura por importe de 11.902,69 euros, IVE incluído, expedida pola empresa ALCOMTE GALICIA, S.L.

10. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: 2024/00016954A.

Validación da omisión da función interventora e aprobación da relación contable da factura F/2024/681 expedida por UTE Telefónica de España, SAU- Telefónica Móviles España, SAU pola prestación dos servizos de telecomunicacións de voz e datos no mes de xaneiro de 2024.

Acórdase:

Primeiro.- Valida a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación do importe total de ONCE MIL SETECENTOS DEZAOITO EUROS CON NOVENTA E UN CÉNTIMO (11.718,91 €) emitida por UTE de Telefónica España SAU Telefónica Móviles España SAU.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

11. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2023/00002648P.

Aprobar a concesión do Premio de Ensaio, Investigación e Creación Audiovisual Xohana Torres, edición ano 2023, na súa Modalidade Ensaio/Investigación a: Dona Monserrat Fajardo Pérez polo seu traballo: “Caídas”.

Acórdase:

- 1- Conceder o Premio de Ensaio, Investigación e Creación Audiovisual Xohana Torres, edición ano 2023, na súa *Modalidade Ensaio/Investigación* a: **Dona Monserrat Fajardo Pérez**, polo seu traballo: “Caídas”; en base a proposta do xurado do premio Xohana Torres. Edición 2023 na acta de 16/02/2024 e segundo o disposto na base 12 da convocatoria.
- 2- Aprobar e comprometer o gasto polo importe de 2.500 € con cargo á aplicación orzamentaria 010 23102 4890100/2024 MULLER. OUTRAS TRANSFERENCIAS NON NOMINATIVAS do exercicio orzamentario 2024.
- 3- Aprobar a disposición do gasto, o recoñecemento da obriga e o pagamento derivado da convocatoria do Premio de Ensaio e Creación Audiovisual Xohana Torres, edición ano 2023, na súa *Modalidade Ensaio/Investigación* a favor de:
Dona Monserrat Fajardo Pérez, por importe de 2.500,00 € coas retencións que legalmente lle sexan de aplicación, por ser a gañadora nesta edición 2023 coa porcentaxe do 100 % do premio (segundo declaración asinada pola autora) polo seu traballo: “**Caídas**”, de conformidade co previsto na base décimo segunda que rexe este premio.
Con cargo á aplicación orzamentaria: **010 23102 4890100/2024 MULLER. OUTRAS TRANSFERENCIAS NON NOMINATIVAS.**
- 4- Declarar deserto o Premio de Ensaio, Investigación e Creación Audiovisual Xohana Torres, edición ano 2023, na súa modalidade de Creación Audiovisual dotado con 2.500 euros.
Incorporar á aplicación orzamentaria: **010 23102 4890100/2024 MULLER. OUTRAS TRANSFERENCIAS NON NOMINATIVAS** o saldo de 2.500,00 € do premio da liña Creación Audiovisual declarado deserto ao terse xerado unha economía por dito valor respecto ao gasto autorizado.

12. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2024/00017273T.

Aprobar a modificación do réxime de residentes da Zona 4 Almáciga e Zona 2 Vite-Guadalupe.

Acórdase aprobar a modificación do réxime de residentes da Zona 4 Almáciga e Zona 2 Vite-Guadalupe, como segue:

- Zona 4 Almáciga, a rúa do Pino, dende o número 1 ata o número 13 o estacionamento será para residentes 24 horas.
- Zona 2 Vite - Almáciga, o aparcamento da rúa Ulpiano Villanueva, xunto ó edificio da Escola Oficial de Idiomas, se elimina o aparcamento para residentes na liña situada na marxe dereita segundo se accede a este tramo de rúa.

13. DEPORTES. Referencia: 2024/00014522D.

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club de Atletismo Fontes do Sar para o ano 2024.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio co CLUB DE ATLETISMO FONTES DO SAR.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de **14.000 €** con cargo á aplicación 070 34100 4890006, aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Santiago, na sesión que tivo lugar o 20 de marzo de 2024.
3. Aprobar o pago anticipado do 100% da contía da subvención, por un importe de 14.000 €, sempre e cando se cumpra o establecido na cláusula 16ª do convenio.

14. DEPORTES. Referencia: 2023/00023998J.

Autorizar a extensión formal da acta de recepción definitiva da obra de Eliminación das humidades existentes no pavillón polideportivo do CEIP de Pío XII, adxudicada á empresa BELENUS NATUR SL.

Acórdase autorizar á arquitecta municipal do servizo de proxectos e obras D^a Teresa Vázquez Hernández para proceder á extensión formal da acta de recepción definitiva da obra de eliminación das humidades existentes no pavillón polideportivo do CEIP de Pío XII, adxudicada á empresa BELENUS NATUR SL, cun orzamento de adxudicación de 200.230,88 € (21% IVE engadido) asinando o contrato de obras o 05/07/2023.

15. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00017211F.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no procedemento PA 64/2021 CA1 sobre reclamación de responsabilidade patrimonial por danos sufridos do choque dun automóbil cun fragmento de mediana situada en San Caetano.

Resolución: sentenza 61/2024, do 26 de marzo, do Xulgado do Contencioso administrativo núm. 1 de Santiago de Compostela

Procedemento: PA 64/2021

Obxecto: desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial de data 15.06.2020, por importe de 1.455 euros, polos danos sufridos como consecuencia do choque dun automóbil cun fragmento da mediana situada na rúa de San Caetano.

A sentenza desestima integramente a demanda. A sentenza é firme, polo que non cabe recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir á Secretaría da Administración Municipal (Vicesecretaría) para o seu coñecemento e efectos oportunos

16. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00016632A.

Tomar coñecemento da sentenza AP 4278/2023-PO 11/2022 CA2. Desestimación por silencio da petición instada polos actores do 02.12.2021 de clasificación como solo urbano ou subsidiariamente de solo urbano non consolidado.

Resolución: sentenza do 31.01.2024 do TSX de Galicia que confirma a Sentenza do 28.07.2023 do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 de Santiago de Compostela

Procedemento: AP 4278.2023.- PO PROCEDEMENTO ORDINARIO 11/2022

Obxecto: Desestimación por silencio da petición instada polos actores do 02.12.2021 de clasificación como solo urbano ou subsidiariamente de solo urbano non consolidado.

O sentido da resolución é favorable aos intereses do Concello.

Non procede recurso, por ter sido declarada a súa firmeza por Dilixencia de Ordenación do 04.04.2024.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Planeamento para os efectos do seu coñecemento.

17. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00017248K.

Tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías

Delegadas.

Acórdase tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas Concellerías Delegadas no período comprendido entre o 5 e o 11 de abril de 2024.


ASUNTOS DE URXENCIA

18. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2020/00001880Z.

Aprobación da addenda nº 1 ao convenio suscrito para a execución e explotación das obras da nova estación depuradora de augas residuais de Silvouta.

Acórdase:

1. Aprobación da Addenda nº 1 ao convenio suscrito entre a Sociedad Mercantil estatal Aguas de las Cuencas de España, S.A., a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para a execución e explotación da nova estación depuradora de augas residuais de Silvouta, cuxo obxecto é adecuar o contido das cláusulas I.- OBXECTO, apartado c) investimento estimado e III.- FINANCIACIÓN E FORMA DE PAGO para adaptalo ás novas previsións de financiamento e ao calendario de achegas a realizar por Augas de Galicia en función da previsión de execución das obras que se estende hasta 2026, anulando a anterior redacción.
2. O esquema financeiro do investimento, conforme ao que se adoptan polas partes os compromisos que se establecen na presente Addenda, estrutúrase e detállase da seguinte forma:
 - O 80% do investimento será financiado con cargo ao Fondo de Reconstrución da UE (Next Generation EU) aprobado polo Consello Europeo en xullo de 2020.
 - Por aportacións financeiras de AUGAS de GALICIA, cunha achega fixa de 10.826.000 € que será financiada con cargo á conta 6560 “Subvencións de capital ao Estado” do Programa de Actuacións, Inversións e Financiamento da Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia. A cantidade anterior representa a contribución financeira de AUGAS de GALICIA por todos os conceptos.
 - Un importe de 300.000 € que xa fora achegado polo CONCELLO durante a fase de redacción e tramitación do proxecto construtivo da EDAR e do proxecto da acometida eléctrica.
 - O resto do importe da inversión e, no seu caso, o déficit de financiamento de fondos UE será financiado acudindo aos mercados financeiros, a través das correspondentes operacións de captación de recursos alleos.
3. O custe das operacións financeiras e a súa amortización será recuperado por ACUAES do CONCELLO durante os vinte cinco (25) primeiros anos, como máximo, a contar desde o primeiro ano de inicio da explotación, fito marcado pola Acta de finalización de posta en marcha e a correspondente Acta de inicio de explotación.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

19. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00020991L.

Licenza para o proxecto básico de legalización da estrutura executada na parcela BB7 SUNP-12 Castiñeiriño na rúa Alfredo Vicenti, 12-14 e licenza para construción de edificio 15 vivendas de VPA.

Acórdase:

Primeiro: conceder a licenza de legalización da estrutura executada na parcela BB7 SUNP12 Castiñeiriño na rúa Alfredo Vicenti 12-14 Santiago de Compostela (A Coruña) conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 25/04/2023 redactado polo arquitecto Angel L. Alonso Méndez.

Segundo: conceder a licenza para construír edificio de 15 vivendas de réxime de protección VPA RC, local comercial e garaxe parcela BB7 SUNP12 Castiñeiriño na rúa Alfredo Vicenti 12-14 Santiago de Compostela (A Coruña) parcela con referencia catastral 7854513NH3475D segundo o proxecto básico modificado presentado o 31/07/2023 redactado polo arquitecto Angel L. Alonso Méndez e documentación presentada o 05/02/2024, cun orzamento de execución material de 1.131.614,00 € .